

Cámaras Galicia



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO,
INDUSTRIA Y
NAVEGACIÓN DE
OURENSE



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
TUI



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
FERROL



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
PONTEVEDRA



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
A CORUÑA



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
VIGO



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE LA
PROVINCIA DE LUGO



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
VILAGARCÍA DE AROUSA



CÁMARA OFICIAL
DE COMERCIO, INDUSTRIA
Y NAVEGACIÓN DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

GUÍA DAS BOAS PRÁCTICAS

MEDIOAMBIENTAIS



COMERCIO

XUNTA DE GALICIA

PRESENTACIÓN

O principal obxectivo desta guía, dirixida tanto a pequenos comercios como a grandes superficies comerciais, é promover a mellora continua da actividade desenvolvida nestes en relación co medio ambiente, a través dunhas recomendacións prácticas para un comportamento medioambiental máis axeitado.

Unha vez levadas a cabo as recomendacións propostas, conseguirase:

- Reduci-lo consumo dos recursos enerxéticos de toda índole.
- Reduci-lo consumo de auga.
- Diminuí-la xeración de residuos e facilita-la súa reutilización.
- Minimiza-lo efecto medioambiental das emisións atmosféricas, ruidos e vertidos de auga.
- Mellora da competitividade da empresa.
- Mellora da imaxe da empresa ante os clientes, usuarios e traballadores.
- Concienciación dos empregados así como dos usuarios mediante unha correcta formación e información, o que redundará nunha boa integración das medidas adoptadas para a mellora e coidado do medioambiente.



A guía está estruturada nas seguintes áreas: Limpeza, Xestión de recursos naturais, Educación de consumidores e traballadores, Compras-aprovisionamento e Xestión de residuos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Calidade e Avaluación Ambiental.

Rúa dos Feáns, 7º C
15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 055 - Fax: 981 541 100

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 109 - Fax: 981 546 101

Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental

Basquiños, 2
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755 - Fax: 981 541 757

Gabinete de Comunicación

Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 721 - Fax: 981 541 727

DELEGACIÓNS PROVINCIAIS da Consellería.

A Coruña

Edificio Servicios Múltiples
Praza Luís Seoane s/n
15008 A Coruña
Teléfono: 981 184 501 - Fax: 981 184 651

Lugo

Ronda da Muralla nº 70
27003 Lugo
Teléfono: 982 294 525 - Fax: 982 294 539

Ourense

Rúa do Paseo, 18-5º
32004 Ourense
Teléfono: 988 386 023 - Fax: 988 386 009

Pontevedra

Rúa Benito Corbal, 47-4º
36071 Pontevedra
Teléfono: 986 805 594 - Fax: 986 805 485

CÁMARAS DE COMERCIO

Cámara de Comercio de Vilagarcía de Arousa

Praza Ravella, 13-3º - 36600 Vilagarcía
Teléfono: 986 500 447 - Fax: 986 500 621

Cámara de Comercio da Coruña

Rúa Alameda, 30-2º - 15003 A Coruña
Teléfono: 981 216 072 - Fax: 981 225 208

Cámara de Comercio de Lugo

Avenida Ramón Ferreiro, 18 - 27002 Lugo
Teléfono: 982 284 003 - Fax: 982 244 301

Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

Rúa San Pedro Mezonzo, 44 - 15701 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 596 800 - Fax: 981 590 322

Cámara de Comercio de Vigo

Rúa Velázquez Moreno, 29-3º y 4º - 36202 Vigo
Teléfono: 986 222 530 - Fax: 986 435 659

Cámara de Comercio do Ferrol

Rúa María, 158 - 15401 Ferrol
Teléfono: 981 351 960 - Fax: 981 356 758

Cámara de Comercio de Ourense

Avenida da Habana, 30 - 32003 Ourense
Teléfono: 988 232 114 - Fax: 988 233 088

Cámara de Comercio de Pontevedra

Rúa Xardíns de Vicenti, 4-2º A
36001 Pontevedra
Teléfono: 986 866 303 - Fax: 986 862 643

Cámara de Comercio de Tui

Rúa Augusto González Besada
Edificio Plaza
36700 Tui
Teléfono: 986 600 216 - Fax: 986 601 512

LEXISLACIÓN

- Lei 1/95 de protección ambiental de Galicia.
- Decreto 2414/61, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP).
- Lei 29/85, de augas.
- Real decreto 849/86, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico. Complementa a Lei 29/85.
- Real decreto 484/95, sobre medidas de regularización e control de vertidos de augas residuais.
- Lei 10/97, de residuos sólidos urbanos de Galicia.
- Lei 11/97, sobre envases e residuos de envases.
- Lei 10/98 de residuos.
- Real decreto 833/88, de residuos tóxicos e perigosos, reformado por Real decreto 952/97.
- Real decreto 782/98, que desenvolve a Lei 11/97, de envases e residuos de envases.
- Decreto 260/98, polo que se regula a autorización de xestor de residuos sólidos urbanos e a inscrición no Rexistro de Xestores de RSU de Galicia.
- Decreto 263/98, polo que se regula a autorización e se crea o Rexistro de Xestores e Produtores de Residuos Perigosos.
- Orde do 28/2/1989 e Orde do 13/6/1990, polas que se regula a xestión de aceites usados.
- Resolución de 28/10/1998 pola que se fai público o Plan de Xestión de RSU de Galicia.
- Lei 38/72 de protección do ambiente atmosférico.
- Decreto 833/75 polo que se desenvolve a lei anterior.
- Lei 7/97, de protección contra a contaminación acústica en Galicia.
- Decreto 150/99, que desenvolve a lei anterior.

RECOMENDACIONES

Referímonos á limpeza de zonas comúns, aseos dos usuarios e persoal do comercio, orde nas instalacións, recollida de residuos, etc.

Instalar dispositivos de regulación de caudal permite reduci-lo consumo de auga de 20 litros por minuto a 8 litros por minuto

- A instalación de dispositivos limitadores de presión e difusores en lavabos, tanto do persoal como dos clientes, que aseguren o nivel de enxaugadura axeitado permite unha limpeza correcta pero co menor gasto de auga.
- Nas zonas de servicios comúns poden instalarse billas monomando con temporizador de forma que se elimine a posibilidade de que queden billas abertas.
- Pódese reduci-lo volume das cisternas do WC mantendo a eficacia da acción limpadora mediante a introducción de botellas de auga (ou de area).
- A limpeza das zonas comúns asfaltadas mediante varredoras mecánicas reduce considerablemente o consumo de auga asociado á dita limpeza. Procure que a cantidade de auga empregada na limpeza, en xeral, sexa a axeitada.
- A instalación de sistemas eléctricos de secado de mans nos servicios de zonas comúns en lugar de empregar toallas de papel redundará nunha diminución dos residuos xerados.



RECOMENDACIONES

Vixie os produtos químicos que emprega na limpeza das instalacións e busque aqueles identificados como dunha menor agresividade medioambiental. Realice a limpeza en zonas comúns con deterxentes libres de fosfatos e de cloro.



- Procure que a utilización dos líquidos de limpeza se realice nas cantidades mínimas recomendadas polo fabricante.
- A colocación e uso de termostatos nos calentadores de auga sanitaria e o mantemento axeitado da caldeira no caso de que a auga se quente mediante un sistema central de calefacción reduce o consumo de enerxía empregada.
- Fomente a utilización de papel hixiénico reciclado nos servizos.

RECOMENDACIONES

- Nas oficinas do comercio procure utiliza-lo papel polas dúas caras e reutilice os sobres para o correo interno, co fin de minimizar non só o emprego de papel senón reduci-la cantidade de papel que se converta en residuo.
- Unha boa práctica medioambiental consiste en evitar o malgasto de papel nas cartas publicitarias e nos folletos. Asegúrese de que tódolos materiais promocionais se imprimen en cartón e/ou papel reciclados.



- Pode utilizar bolsas reciclables para vende-los produtos. Se o seu produto se vende en bolsas de plástico procure que o envase sexa reutilizable polo cliente. Dea a posibilidade ó consumidor de leva-la súa compra en caixas de cartón procedentes das embalaxes dos produtos que vende no seu establecemento.
- Realice un correcto mantemento das instalacións de iluminación e xestione correctamente os tubos fluorescentes avariados, xa que son residuos tóxicos e perigosos polo seu contido en mercurio.

RECOMENDACIONES

A fabricación de papel novo a partir do antigo supón un consumo do 50% menos de enerxía que fabricar papel a partir de pasta virxe. Ademais, a contaminación atmosférica xerada é un 70% menor.



Cada 90 Kg de papel periódico non reciclado representa a corta de dúas árbores.

- Dentro do posible, evite o exceso de envases. Comprobe que tipo de envases usa cada produto e de cantas capas se compón.

Determine canto envase necesita realmente o produto. Un exceso de envases e envoltorios aumenta o volume de residuos comerciais.

- A formación ambiental do persoal e a concienciación da importancia da segregación dos residuos axudará a unha mellor xestión destes, podéndose obter beneficios da venda de papel e cartón. Ademais o papel e cartón empregárase na fabricación de papel reciclado.

- Os centros comerciais poden instalar colectores para a segregación do lixo: papel-cartón, vidro, envases de plástico, etc, para que así os comercios que forman parte do centro inclúan políticas de xestión dos residuos que xeran.

- Colabore cos sistemas de recollida de lixo implantados no seu municipio.

- Se verifica os tipos de residuos que se producen no comercio e considera e estudia a posibilidade dos programas de minimización por unidade de produto conseguirá reduci-la produción de residuos.


- Teña en consideración ós provedores que admiten a devolución dos seus envases ou embalaxes do fin de reutilizalos. Vexa se hai envases que se poidan reutilizar dentro da súa empresa.

RECOMENDACIONES

Referímonos ó consumo de enerxía e de auga. Ruído. Mantemento de instalacións. Calefacción. Aire acondicionado. Equipos mecánicos e eléctricos.

- As auditorías do sistema eléctrico axudaranlle a optimiza-lo consumo. Determine o consumo de enerxía eléctrica por zonas, detecte as zonas onde a iluminación artificial é deficiente ou aquelas onde hai exceso. Coñecendo os valores reais de consumo poderá acometer obxectivos de redución do uso de enerxía.

- A substitución dos sistemas de iluminación incandescente por sistemas baseados en tubos fluorescentes ou lámpadas de sodio moderarán o consumo eléctrico. Aínda que inicialmente son máis caros, á larga saen máis baratos. As lámpadas fluorescentes consumen 1/5 da enerxía das lámpadas incandescentes.



- O óptimo consumo de enerxía eléctrica obtense mediante o uso máximo da iluminación natural. Situar claraboias nas instalacións comerciais e asegura-la limpeza destas para que deixen pasa-la luz coa máxima claridade, limpar periodicamente as lámpadas, etc. son medidas sinxelas que reducirán a necesidade de máis puntos de luz. É conveniente ter en conta estas medidas para o caso de novas instalacións.

- Asegúrese de que os niveis de iluminación son os axeitados e non se exceda en zonas moi visitadas. Procure colocar nos escaparates bombillas e tubos de baixo consumo. Se ademais coloca celosías nas lámpadas aumentará a iluminación destas mediante o reflexo da luz. Así a efectividade será maior.

- Se se colocan interruptores temporizados que aseguren a desconexión da iluminación tras un tempo, ou se dispoñen detectores de presenza que activen ou desactiven a luz en corredores, escaleiras de emerxencia, entresollados de ascensores... controlarase o gasto e diminuirá o consumo de enerxía eléctrica.

RECOMENDACIÓNS

- Tamén pode instalar nos escaparates células que se conecten cando a intensidade da luz natural da rúa sexa baixa, e así evitará que estean funcionando todo o día. Así mesmo, instale temporizadores que apaguen a luz dos escaparates durante as horas de madrugada.

- Podemos reduci-las correntes de aire e mellora-lo illamento de portas e ventás mediante burletes, así evitaremos perdas dos sistemas de aire acondicionado e calefacción, o que se traducirá nunha diminución dos consumos de enerxía.

- A redución da extensión do acristalamento de tendas e almacéns permite reduci-las perdas da calefacción e aire acondicionado polo mal illamento.


- Ó realiza-lo axeitado mantemento dos sistemas de climatización: líquido refrixerante, filtros de aire, asegúrase unha diminución no consumo de enerxía. Non abuse do aire acondicionado en verán, xa que ademais de consumir moita enerxía supón liberar gases que provocan a destrución da capa de ozono.

- Se dispón de almacén, unha boa iluminación deste permite detectar fugas existentes e unha limpeza adecuada pode previr accidentes.

- Trate de non poñer a música ambiental excesivamente alta: a instalación de dispositivos de limitación de potencia sonora nos equipos de música permitiralle controlar os niveis acústicos emitidos.



RECOMENDACIÓNS



- Fomente e eduque a súa empresa na compra de produtos ecolóxicos. Para iso deberán coñecer aqueles que realmente o son, non facendo caso da múltiple publicidade enganosa. Deberá coñecer, polo tanto, que significa cada un dos símbolos que fan referencia ó medio ambiente nos envases. Debe saber que parte da simboloxía existente é publicidade dubidosa das marcas, que non ten ningún fundamento ambiental. En cambio hai símbolos que teñen un significado de mellora ambiental clara: o punto verde, a etiqueta ecolóxica, etc.

- Á hora de valorar o custo dun produto teña presente criterios ecolóxicos. Non descarte produtos que poidan resultar máis caros a curto prazo se, á larga, son máis duradeiros e/ou consumen menos enerxía e menos recursos.

- Adiántese ós consumidores e usuarios e presente nas súas estanterías produtos ecolóxicos. Saiba ademais que o consumidor concienciado mira nos envases e nos produtos os símbolos ecolóxicos. Saiba ademais que o consumidor concienciado mira nos envases e nos produtos os símbolos ecolóxicos.

RECOMENDACIONES

- Considere a compra e emprego de papel reciclado nas súas oficinas: para facturas e recibos, cartas, papel de ordenador, cadernos de notas de persoal, publicidade, folletos informativos, ofertas, etc. Fomente a utilización de material de oficina que se poida reciclar. Estudie se a cantidade de papel que emprega en folletos e publicidade é a necesaria, ou hai un exceso de cantidade: determine que papel se usa e que porcentaxe se recicla. Unha vez coñecido este dato estableza os seus obxectivos de minimización.
- Evite, no posible, comprar produtos envasados con moitos envoltorios e accesorios. Teña en conta que o consumidor vai tender á compra de produtos químicos concentrados, en envases de menor volume, para preparar directamente as disolucións.



Dispoña destes produtos nos seus estantes e asegúrese de que as instrucións de uso son claras e completas.

- Procure tamén a compra dos produtos en envases reciclables. Existen etiquetas e símbolos que indican a reciclabilidade dun material.

Fomente a utilización de material de oficina que se poida reciclar

RECOMENDACIONES

A correcta formación dos empregados fai que mellore a calidade dos servizos e consumidores.

- Os comercios deben estar preparados ante as preocupacións medioambientais dos consumidores, xa que se poden volver en vantaxes para aqueles centros que se adiantaran a estas inquietudes.

- Fomente prácticas de formación ambiental nos seus empregados para que saiban comunicar ós clientes as melloras e vantaxes medioambientais dos produtos que teñen nos seus establecementos.



- O comerciante debe saber que o coñecemento medioambiental do cliente vai en aumento, por iso non se lle deben presentar produtos cunha publicidade medioambiental dúbida.

- Presente publicidade medioambiental verdadeira, xa que se non é así o dito engano resultaralle caro. Teña en conta que os consumidores cada vez se amosan máis escépticos respecto a este tipo de informacións.

RECOMENDACIONES

- Canto máis saiba unha empresa acerca do medio ambiente e dos temas ecolóxicos que se presentan no mercado maior serán as oportunidades que xurdirán para ela.
- Dea a coñecer no seu establecemento o significado dos símbolos ou marcas que actualmente se presentan nos produtos que compran:



ETIQUETA ECOLÓXICA:

outógase a aqueles produtos que teñen unha menor incidencia sobre o medio ambiente, xa que cumpren unha serie de criterios ecolóxicos definidos previamente polo estudo do ciclo de vida do produto.



PUNTO VERDE:

outógase a aqueles envases que están integrados nun sistema de xestión que asegura a súa recollida, o que permitirá a posterior valorización e reciclaxe do material destes envases.



RECICLABLE:

O símbolo das tres frechas en círculo indica que o material do envase é reciclable.

RECOMENDACIONES

Se reduce o número de envoltorios nos que envasa os seus produtos reducirá o volume de residuos que xera o consumidor.



- Procure utilizar nos seus produtos envases fabricados con materiais reciclados, reciclables e/ou biodegradables sempre que sexa posible.

- No almacenamento de materias e produtos espacie os colectores para facilita-la súa inspección. Ademais de axudar á comprobación do estado das caixas reducirá o risco de choques ou derrubamentos que poden xerar residuos. Siga tamén esa boa práctica para os produtos químicos do fogar e produtos para o coche que venda no seu establecemento.

- Os almacenamentos convenientemente protexidos das inclemencias do tempo e temperaturas extremas evitan que os produtos almacenados se poidan ver afectados na súa calidade, converténdose en produtos caducados e/ou degradados, e polo tanto en residuos.

- Diminuír, dentro do posible, a embalaxe para transporte en almacén e detallistas, sen que por iso o produto perda en seguridade, supón reduci-la cantidade de

residuos de envases e embalaxes. Solicite ós seus provedores que diminúan a embalaxe para transporte.